

	Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo ACTA
---	---

Data	01/12/2021		
Lugar	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Pranta 4ª, Avda Beiramar nº 59		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:50h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidente, Gorka Gómez Díaz • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Raquel Carballo Coello • Leonor Gala Torres Sabín • Xoan Xosé Santos Costa • Santiago Rodríguez Sánchez • Isabel Lago Schramm - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Bertila Fernández Pérez • Pedro Xosé Castañón Valls • Yolanda González Larrañaga • Joel Covelo Gallego • Egoitz Rivas Ibarretxe - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Antonio Vázquez Vázquez • Óscar Álvarez Gallego • Isabel López Lorenzo 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Jorge Quintana Conde • Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez • Sector docente: Miguel Ángel López González • Sector docente: Yolanda Benito de Tapia • Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea 		

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 1 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	<ul style="list-style-type: none"> • Sector usuarios: Sergio Pico González • Sector usuarios: Zerihum Luis Feijoo • Sector social: Pilar Álvarez Rey • Sector social: María Aurora Alonso Suárez de Miera • Sector social: Antonia Céspedes Balongo
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector social: Isabel Quintas Juncal • Sector Social: José Manuel Rodríguez Lago • Sector Social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

Orde do día:

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2020-2021
- 3.- Informe da Presidencia do CEMV
- 3.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2021-22.
- 4.- Propostas de mocións:
 - 4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a convivencia na comunidade educativa da cidade.
 - 4.2.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.
 - 4.3.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o estado da sede da Escola Municipal de Música.
 - 4.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de aumentar a inversión en educación.
 - 4.5.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o deterioro do IES

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 2 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Castelao.

4.6.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de cubrir a praza de Traballador/a Social no CEE Saladino Cortizo.

4.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

5.- Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 9 de xuño de 2021.

2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2020-2021

O Secretario comenta que se trata dun informe no que se dá conta do cumprimento do réxime de xuntanzas e no que se recollen as estatísticas sobre a participación dos membros do CEMV, o resumo dos temas abordados en cada xuntanza e o resumo dos acordos que se toman en sesión plenaria.

Acordo

Acórdase levala memoria ao Pleno para a súa aprobación

3.- Informe da Presidencia do CEMV

O Presidente comeza a súa intervención lamentando o falecemento do que ata fai pouco foi representante de CCOO, dentro do sector docente do CEMV, Verísimo Pazos. Solicita aos asistentes que fagan un minuto de silencio para renderlle merecida homenaxe, deixar constancia e trasladar a máis expresiva condolencia á familia e amizades de Verísimo Pazos, e destacar o seu traballo incansable e compromiso inequívoco en prol do ensino público de calidade.

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 3 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tralo minuto de silencio, prosegue dando conta dos últimos cambios e substitucións de membros na composición do CEMV. Na Comisión Permanente, Yolanda González Larrañaga, representante de Surgapa no sector usuarios, substituirá á súa compañeira Leticia Caldas Filgueira como vogal do sector usuarios. Dentro do sector docente dá conta de tres substitucións:

- Jorge Quintana Conde, representante de CCOO, ensino público, substitúe a Verísimo Fernando Pazos Pereira.
- Raquel Carballo Coello, representante de CCOO, ensino privado, substitúe a Tania Alonso Soto.
- Isabel Lago Schramm, representante de UXT, ensino público, substitúe a M.^a del Pilar Alonso Gil.

En canto ao sector social informa de que Isabel Quintas Juncal, da UXT é a nova representante sindical de ámbito non educativo. Os tres sindicatos con maior representación alternan representante, cambiando cada curso. Este ano tócalle á UXT. O ano anterior a representante foi Raquel Pérez Fernández da CIG.

Pasa agora a facer o resumo da actividade no Servizo de Educación do Concello ata o momento. Comeza explicando as novidades referentes ao orzamento municipal, aprobado para 2022 con elevado gasto en partidas sociais. No que se refire a educación, o Concello dedica 15,5 millóns de euros (un 1% máis que o ano anterior). Cómpre salientar os 2,2 millóns de euros para o programa Vigo en Inglés, que este ano levará a alumnado de tres promocións a facer esta actividade de inmersión lingüística, xa que non puideron ir por mor da pandemia. Esperan que a situación sanitaria o permita e que no verán do 2022 poidan gozar da experiencia. Explica que xa está a convocatoria en marcha, e que hai moitísima demanda.

No referente á Rede de Escolas Infantís Municipais, destínanse 2,5 millóns de euros. Lembra que esta é una prioridade para o Alcalde, que desde que el goberna se fixeron 5 escolas, e que no próximo ano xa funcionará a nova escola da Praza da Industria e xa se anunciou o anteproxecto da Escola de Santa Marta no barrio do Cura unha vez que se leven adiante as obras de urbanización deste entorno. A oferta de escolas infantís municipais é ampla e bastante superior á oferta da administración competente. Di que ven de recibir unha carta do Director de Infancia da Xunta na que declaran o seu compromiso co ensino infantil e darán unha subvención ás escolas infantís municipais de 13.800€ por escola, cando o gasto total é duns 2,5 millóns de euros. Este dato é curioso e del pode deducirse cal é o escaso nivel de compromiso que realmente ten a Xunta coa educación infantil.

Outra partida importante dentro dos orzamentos é a de obras, explica que se están a asumir moitas competencias que son autonómicas porque as obras fan falla e a administración competente non escoita aos centros. Di que só para cubrir patios escolares se destinan no orzamento 322.000€. Explica que se rematou de cubrir o patio do CEIP Pintor Laxeiro e que se está acabando o do CEIP Balaídos e que están previstos os do Javier Sensat, Frians e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 4 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vila Laura. Comenta que ademais da cubrición de patios, no 2021 fixéronse 30 actuacións e obras relevantes nos edificios escolares por importe estimado de 630.223€ (pavimentos e reformas de canalizacións e de alumado, novos peches e portalóns, podas e desbroces xardíns, saneamento arquetas, arranxo cubertas e peches perimetrais, acondicionamento baños, reparacións pistas polideportivas ...). Di que fixeron innumerables mocións no Pleno municipal pedíndolle á Xunta que faga una aposta pola inversión nos Centros da Cidade, que se acometa una reforma integral. Propúxose facer un calendario de actuación porque evidentemente non se poden facer todas xuntas e incluso se falou de compartir a inversión co Concello, pero a Xunta nunca atendeu ás demandas. En relación con isto, lembra que o Goberno de España destina a cantidade de 670 millóns de euros para crear 75.000 prazas de Educación Infantil pública de 0-3, 3.417 prazas en Galicia para o que a Xunta recibirá 34,8 millos de euros en 3 anos. Explica que desde o Pleno Municipal instaron á que a Xunta traslade fondos deste plan da Unión Europea para facer a EI da Praza da Industria e para aumentar prazas en Escolas Infantís que son tan necesarias nesta cidade, e desde o ano 2012 a Xunta non crea una praza de EI en Vigo. Di que eles cren que estes fondos deben chegar aos Concellos e con ese ánimo fixeron a petición, pero ata o de agora non houbo resposta algunha. E máis, de tódolos millóns de euros que recibiu a Xunta para investimento en Educación por mor da pandemia, o Concello de Vigo recibiu cero euros, e o Concello está asumindo desinfeccións e outros gastos derivados da Covid e sen recibir fondos para ese fin. Di que no 2021 se investiron 300.000€ nestes gastos extraordinarios: no reforzo das tarefas de limpeza e desinfección, cartelaria covid, subministro de máscaras, subministro de dispensadores e solución hidroalcohólica. Di que eles se comprometeron coa Administración Autonómica en todo momento a facer esta labor pero consideran que os Concellos deben recibir fondos Covid para facer fronte as estes gastos extraordinarios.

Informa de que este ano se intentaron recuperar algúns dos programas educativos municipais coma Vigo Educa, que oferta o transporte para actividades fóra da aula aos centros educativos, agora que a situación mellora e para reactivar as actividades e dar un pouco de normalidade aos nenos e nenas que se merecen poder saír das aulas. Di que tamén se reactivou o programa de Música na Escola e que no mes de maio se celebrarán as “XII Xornadas Municipais de Teatro Escolar” no Auditorio Municipal.

En canto á UNED, dicir que en Vigo se oferta a tutorización do curso de acceso e de trece graos, que no curso académico 2020/2021 teñen matriculado 1148 alumnos/as, e que se están impartindo moitos cursos de formación ademais dos graos.

Aproveita para felicitar á Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), que ten sido galardoada como “Viguesa Distinguida 2021”, por eses 130 anos de traballo, sendo un referente a nivel nacional. Quere agradecer o traballo dos equipos docentes e directivos actuais e de todos os que pasaron pola institución.



En canto ás mocións que se presentaron no último Pleno, as que se trasladaron á Administración Autonómica, non recibiron resposta algunha. Sobre a moción que se presentou polos accesos ao Párroco Don Camilo, fíxose una reunión co Centro e coa concellería de Urbanismo e xa están niso. No referente á moción acerca dos accesos ao Álvaro Cunqueiro, di que falou co Concelleiro de Fomento e xa se fixeron cambio de luminarias, púxose un semáforo con paso de peóns e está previsto o asfaltado e pintado da rúa para o primeiro semestre do ano. Sobre as beirarrúas hai dous problemas, o principal son as árbores, que non son as axeitadas para o entorno urbano e que están a causar problemas coas raíces. O outro inconveniente é que os autobuses suben ás beirarrúas e estropéanas. Así que teñen que estudar como se vai facer o proceso. Tamén se trasladou a moción do Conservatorio Profesional, e tamén está previsto que se fagan actuacións de humanización, pero non poden dicirlle prazos xa que se teñen que facer moitas na cidade. En canto ao parque que solicitaba Foanpas na Estrada Clara Campoamor, di que é complicado porque non hai ningún terreo municipal dispoñible.

O Presidente aproveita para recalcar que o compromiso do Concello co ensino público é total e que están abertos a todas aquelas propostas da comunidade educativa e a escoitar e tratar de axudar no que se poida. E agradece una vez máis o labor de todos nun momento tan complexo como é o que causou a Covid, di que tanto docentes coma alumnado coma familias souberon estar á altura e el séntese moi orgulloso de toda a comunidade educativa.

Yolanda González pide a palabra e di que debe ser un mal de político o de non contestar porque o tema da Biblioteca de Teis nin o nomeou neste informe que acaba de dar e levan feitas xa moitas preguntas neste Pleno e no propio Concello, di que levan feitas moitas petición para que os reciban pero non o fan, e chegoulles de maneira extraoficial que é porque os vinculan coa Asociación de veciños que se levan mal co Alcalde. Di que eles son a Comunidade Educativa da zona, que non teñen nada que ver coa Asociación de Veciños. Gorka Gómez comenta que o Concelleiro de Cultura lle trasladou que o proxecto é firme e lle dixo que xa se reunira con algún colectivo para falar desta cuestión. Yolanda explica que foi ela mesma quen se reuniu co Concelleiro en xuño, xunto cun compañeiro, e o Concelleiro tivo moi boas palabras, e díxolles que lles daría unha resposta que aínda non chegou 6 meses despois. Dille ao Presidente que se están queixando da Administración Autonómica que non contesta e eles fan o mesmo. Gorka comprométese a trasladarlle ao Concelleiro de Cultura que están esperando resposta, pero di que discrepa co de que desde o Concello non se recibe aos cidadáns porque eles reciben a todo o mundo, sexa o Alcalde sexan os Concelleiros. Di que ao mellor non lles respondeu aínda porque non pode dicirlle nada aínda, ás veces as respostas non son tan inmediatas e sobre todo cando entra o ámbito supramunicipal. Antonio Vázquez di que el sobre este tema tamén estivo indagando, falou co Concelleiro de Cultura, e ata onde el sabe esta Biblioteca nace dunhas cesións que a Seguridade Social fai ao Concello de Vigo e que leva Fomento, e que os pasos que faltan



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 6 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

son primeiro derrubar o edificio que está en malas condicións, logo habería que licitar o proxecto de obra e por último licitar a obra. Yolanda González pregunta entón en que Administración está bloqueada a cuestión, a que poden dirixirse eles para que avance, porque a eles dixéronlles que o edificio xa está cedido. Óscar Álvarez pensa que se está cedido o paso teno que dar o Concello. Gorka comenta que el lle vai facer a consulta ao Concelleiro de Cultura e que lle dirá algo.

Santiago Rodríguez aproveita para preguntar por unha petición que se leva facendo fai moito tempo e que, segundo o seu criterio, non debería ser tan complexo responder porque nin supón facer obras, nin entran outras administracións en conflito, como pode ser a petición que fai a comunidade escolar do CEIP Virxe do Rocío para que o Concello emita o informe positivo ao cambio de nome a CEIP o Resío. Pero di que neste momento a petición que quere lembrar é a da comunidade docente do IES Santa Irene para o acceso directo ao Pavillón do Carne, que faría que o alumnado non tivera que pasar pola rúa cando o vai utilizar en horario lectivo. Di que se leva pedindo anos e que non teñen resposta. O Centro ten prevista instalar unha cámara para control dese acceso desde conserxería, e ademais coa obra que se fixo recentemente o acceso sería máis fácil do que era antes. O Presidente comenta que falará co Concelleiro de Deportes e lle dará resposta.

Joel Covelo pregunta acerca do saneamento do IES Carlos Casares, que aínda non teñen resposta acerca do tema. O Concelleiro comenta que aí hai un problema de competencias, e aínda que a intención é solentalo, é unha situación complexa. Dille que en canto o Concelleiro de Fomento lle diga algo que informará.

Sendo as 18:55 auséntase Santiago Rodríguez Sánchez.

4.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2021-22.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:

Bertila Fernández presenta o Plan de Traballo desta Comisión:

Logo de dous cursos minguados pola pandemia provocada pola COVID – 19, pouco a pouco temos que ir recuperando a vida e a actividade. Así, dende a Comisión Pedagóxica vaise traballar na organización dunha xornada sobre orientación destinada ao alumnado. A mocidade expresou a incerteza que lles produce a falta de información sobre as posibilidades de futuro unha vez rematado o ensino obrigatorio.

Os departamentos de orientación vense superados pola carga de traballo e a falta de apoios para realizar o seu labor, provocando que a información que poden transmitir é escasa. Así, dende a Comisión Pedagóxica queremos completar esta información para que o



alumnado poida tomar as decisións que máis se adapten ás súas necesidades e intereses.

Ademais disto, dende a Comisión Pedagóxica cremos necesario camiñar da man como comunidade educativa, e nesa liña imos a traballar durante este curso. Temos que facer todas e todos un replantexamento e consideración cara o respecto á educación. A educación é un pilar da vida das persoas e da sociedade, por que a descoidamos?

Dende a Comisión Pedagóxica traballaremos, e animamos a todos e todas a traballar, na análise e valoración da situación actual preguntándonos: que lle **esiximos** á Administración Educativa?

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa:

Antonio Vázquez presenta o Plan de traballo desta Comisión:

No curso 2021-2022 a Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa seguirá traballando na liña dos cursos pasados, centrándose nas necesidades e no estado das infraestruturas e equipamentos dos centros educativos, e insistindo nas demandas xa enunciadas por este Consello Escolar e aínda non atendidas polas autoridades educativas.

Así, seguiremos reclamando a actualización da zonificación e a dotación das infraestruturas e recursos necesarios na cidade e ámbito municipal, recollendo tamén as deficiencias e necesidades e dando traslado á administración competente en cada caso.

Ademais esta comisión tratará todos aqueles asuntos referentes á planificación educativa que xurdan, presentando aquelas propostas e mocións que se estimen oportunas.

Comisión do Alumnado:

No curso 2020/21 presentamos unha moción falando da escasa programación de ocio para a mocidade que hai en Vigo e da pouca difusión que se lle dá as actividades que se fan. Seguindo nesa liña de traballo, neste curso 2021/22 queremos manter dúas xuntanzas:

- **Coa concelleira de mocidade**, para exporlle a nosa situación e preguntar a cerca dos servizos que ofrece a cidade para nós. Ademais queremos exporlle a necesidade de que existan puntos de información xuvenil descentralizados, que poderían instalarse en Asociacións veciñais ou incluso poderían ser móbiles e ir movéndose polos barrios.

- **Co departamento que xestiona a APP Vigo** para darlle o noso punto de vista acerca de como mellorar esta ferramenta para que sexa máis útil para a mocidade.

Outro obxectivo para este curso é organizar unha **xuntanza do alumnado de tódolos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 8 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

centros educativos da cidade. No segundo trimestre, unha vez remate o proceso de renovación nos Consellos Escolares dos Centros, queremos organizar unha xuntanza co alumnado co fin de presentarlles o Consello Escolar Municipal e para que nos coñezan e saiban que son os seus representantes neste órgano. Nesta xuntanza tamén aproveitaremos para recoller inqedanzas e suxestións dos alumnos e alumnas.

Ademais disto prepararemos as mocións que se requiran en cada momento e atenderemos aos temas que poidan xurdir.

Pedro M^a Vázquez comenta que tanto a Concelleira de mocidade como Javier Albertos, do departamento de administración electrónica están dispostos a ter esa xuntanza cando queiran. Eles propoñen que o alumnado lle diga un par de datas que lle veñan ben e intentar montar as dúas xuntanzas de xeito consecutivo na mesma tarde.

Egoitz Rivas di que quería remarcar a necesidade dunha maior participación por parte do Concello nos IES, dentro das escasas competencias que teñen, xa que os representantes municipais que están nomeados nos Consellos Escolares dos centros normalmente non acoden ás xuntanzas. Pedro Vázquez di que están nomeados representantes en tódolos IES e que lle consta que normalmente acoden, salvo causa xustificada. Di que se compromete a estudar se esta participación está sendo efectiva e dicirlles algo. O Presidente di que efectivamente hai representantes municipais nos Consellos escolares dos Centros e que se estudará se están acudindo ás xuntanzas cando se convocan. Pero o que si é certo é que as competencias en educación do Concello son moi poucas e só nos centros de Educación Infantil e Ed. Primaria. Explica que ás veces van máis alá das súas competencias polo que estas é normal que se confundan. Así é todo, os representantes municipais si deben asistir ás xuntanzas xa que moitas veces hai un retorno en forma de peticións, algunhas de competencia municipal e outras que non o son, así que farán o posible por mellorar nese aspecto.

3.- Propostas de mocións:

Pásase agora a presentar as mocións que se queren elevar ao Pleno:

4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a convivencia na comunidade educativa da cidade.

ANTECEDENTES:

A situación do sistema e modelo educativo da pé a reflexión. Están adaptados ás necesidades de hoxe en día ou están afastados das realidades da comunidade educativa? Todo apunta a que está de costas, deixando á vista, fracaso escolar, abandono prematuro dos estudos, pouca atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, oferta na FP que non da saída á demanda existente, coa seguinte frustración do alumnado,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 9 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

danos colaterais como acoso escolar, pensamentos suicidas, trastornos alimenticios, xogo... e as familias sempre petando ás costas da Administración. O modelo non da cabida á educación emocional, a cultura da paz e da non violencia, ferramentas imprescindibles para a formación (lembramos a Suso Xares e o seu traballo neste sentido).

A comunidade educativa realmente está activa no plantexamento a quen corresponda desta situación? Hai debate? Reivindicamos outro modelo? Tan sinxelo como dar pasos, debate, reflexión, trasladar como comunidade educativa este debate á Administración competente.

O Consello Escolar Municipal de Vigo é o foro educativo por excelencia da nosa cidade, sexamos realistas e proactivos e defendamos como órgano colexiado os dereitos dos nenos e das nenas que nestes intres están matriculados nos centros educativos e serán xestores e xestoras da futura sociedade nun tempo non tan afastado. Que non nos teñan que dicir dentro duns anos as crianzas, e vós que fixestes para mudar a situación?

Defendamos estes dereitos por e para o grupo e teñamos claro que non somos illas, somos un arquipélago e debemos tender pontes para o diálogo e a convivencia. Convivencia entre o alumnado, familias, profesorado, persoal non docente e a propia Administración, responsable imprescindible.

A educación non é un gasto, é unha inversión potente para o futuro.

TEXTO:

Polo exposto solicitamos:

- A todos os sectores da comunidade educativa que se comprometan na defensa activa e na potenciación do noso sistema educativo.
- Ás autoridades educativas para que non só velen polo cumprimento das normas que deben permitir un funcionamento dos nosos centros educativos, senón que tamén promovan, faciliten e incentiven a participación crítica, responsable e democrática para conseguir un ensino de calidade baseado no respecto e na convivencia.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a convivencia na comunidade educativa da cidade

4.2.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.

10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 10 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Presenta a moción Xoán Xosé Santos:

ANTECEDENTES:

O Consello Escolar Municipal de Vigo leva anos procurando a atención das autoridades educativas para que, desde as institucións de goberno, leven a cabo unha serie de actuacións de planificación e execución en materia educativa imprescindíbeis. Na pasada década, a realidade social e demográfica da cidade cambiou enormemente sen que houbera unha actualización da planificación educativa nin dos recursos dispoñíbeis, e o descenso demográfico na faixa da poboación escolar non parece que mellorase a situación. Pola contra, si semella que os últimos once anos serviron para afianzar unha redución e deterioro dos recursos educativos.

Así:

1. Seguémonos rexendo por unha zonificación para o acceso aos centros públicos que nin resolve os actuais problemas de escolarización nin optimiza os desigualmente distribuídos centros públicos do concello.
2. A cidade medra poboacional e urbanisticamente en determinadas áreas e non hai un reforzo parello dos servizos e infraestruturas necesarias.
3. As necesidades educativas do alumnado e as súas familias foron e seguirán cambiando e asumindo unha maior diversidade e necesidades de todo tipo sen que a Administración educativa materialice unha axeitada atención nos centros, (que pasa necesariamente por unha redución das ratios, dispoñibilidade horaria e de recursos do profesorado, reforzo do persoal específico e dos departamentos de orientación), nin asuma e incorpore ao sistema os servizos complementarios requiridos.

TEXTO:

Por todo isto, o CEMV insta á Consellaría de Educación a:

1. Acometer a actualización da zonificación escolar de Vigo como documento que rexe a escolarización, e á vista dun necesario mapa que defina os recursos e necesidades educativas do concello de Vigo. Tanto un como outro documentos deben ser públicos e procurar a participación.
2. Crear un IES en Navia cos recursos suficientes de ensino obrigatorio e non obrigatorio. Planificar a creación de oferta pública no centro da cidade.
3. Restituír o persoal suprimido para permitir desdobres necesarios; reorganizar os recursos e a atención aumentando o persoal específico e dos departamentos de orientación; reducir as ratios e horario lectivo docente para mellorar a atención do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 11 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conxunto do profesorado.

4. Asumir e incorporar ao sistema público os servizos complementarios necesarios (comedor, transporte, aulas matinais)

Gorka Gómez comenta que xusto os catro puntos que recolle esta moción foron catro mocións diferentes que se presentaron no Pleno municipal. Antonio Vázquez comenta que segundo o estudo do sindicato, este curso hai menos profesorado no ensino público que no ano 2009, cando Feijóo Accede á Xunta de Galicia, e con máis alumnado matriculado.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a zonificación.

4.3.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o estado da sede da Escola Municipal de Música.

ANTECEDENTES:

A Escola Municipal de Música de Vigo creouse no ano 1997 dependente do Servizo de Educación e con sede no edificio Villa Laura sita en Rúa Ourense nº1

Alumnado:

No centro están matriculados actualmente 450 alumnos a partires de catro anos.

Persoal:

Docente: 15 profesores/as das diferentes especialidades que se ofertan

Non Docente:1 administrativo / 1 limpiadora

Cando no 1997 o Concello de Vigo decide dedicar este edificio a Escola de Música máis é un edificio que non estaba feita para este fin o que ocasionou dende o principio moitos problemas:

- Mala accesibilidade para as persoas en xeral e nula para as persoas con dificultade na mobilidade, carriños de crianzas, etc....,
- Non conta con espazo de espera para familias (a ter en conta que hai alumnado dende 4 anos e que precisan asistencia de familias para chegar e marchar da aula).
- Espazo para administración pequeno e non accesible.
- edificio non conta con ascensor.
- Espazos comúns (corredores, escaleiras, zonas de espera) con pouca capacidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 12 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- para a circulación do alumnado e moi incómodo para transportar instrumental
- Espazos pequenos para desenvolver as aulas de formación complementaria, agrupación e música e movemento.
- Falta de aulas para desdobrar grupos e facer posible un horario axeitado as idades coas que traballamos.
- etc...

Todas estas fallas vense agravadas pola situación que están a pasar dende fai dous cursos coa Covid-19, o cal lles obriga a suspender aulas e dividir agrupacións por falta de aforo.

TEXTO:

Por todo o exposto solicitamos ao Concello de Vigo a mellora na Escola de Música que pasaría por unha ampliación e actualización do Edificio actual ou a procura de unha sede alternativa que cumpra cos requisitos que hai que ter para unha Escola de Música.

Gorka Gómez comenta que na actualidade estanse facendo unhas obras de mellora, pero o problema que hai na sede actual é que non hai posibilidade de ampliación algunha. Si é certo que é unha escola con moita demanda pero hai que adaptarse ao que hai porque nese lugar non hai capacidade de ampliación.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o estado da sede da Escola Municipal de Música

Sendo as 19:30 auséntase Isabel López Lorenzo

4.4.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de aumentar a inversión en educación.

ANTECEDENTES:

Cando no ano 1977 España adopta o sistema democrático o gasto, ou si se prefire a inversión en educación, é moi cativa comparada cos países da a nosa contorna, tal e como se ve na seguinte táboa:

País	Millóns de €	Porcentaxe do PIB	Gasto per capita
ESPAÑA	1.266	2,08%	35
FRANCIA	15.291	4,44%	293
ITALIA	7.594	3,92%	137
REINO UNIDO	13.988	6,06%	243


No



período que vai dende 1980 a 2005 o gasto vaise aumentando lentamente: 4,43 % en 1983, o que supuña duplicar o PIB de 1977, e a continuación un período de pequenas baixadas ata chegar no 2009 ao 5,07 % e 5,03 % en 2010 que supoñían un gasto en educación per capita de 1.169 e 1.159 €.

No período 2011-18 prodúcese unha lenta e continuada caída do gasto en educación que no ano 2018 chega ó 4,78 % do PIB e a un gasto per capita de 1076 €. Evidentemente este decrecemento débese a crise do ano 2008 a vai supoñer un continuo afastamento das cifras de gasto que se deron nesta etapa nos distintos países da Unión Europea.

No caso galego, como se pode apreciar na táboa “España Galicia”, para o período 2009-2016 estamos por debaixo da media estatal, media a que nos achegamos significativamente no período 2006-08.



Fonte: El gasto público educativo durante la crisis: evolución por comunidades y financiación del Ministerio de Educación para 2018. CCOO Enseñanza

Todas estas cifras explican a situación de deterioro do ensino en xeral e do ensino público en particular, que se pretendeu suplir por determinadas autoridades académicas facendo chamadas ao voluntarismo das comunidades educativas dos centros en xeral e de xeito específico ao profesorado, sintetizado no mantra “facer máis con menos”.

Nos últimos tempos téñense publicado estudos e informes sobre a situación do ensino, tanto en Galicia como España, de institucións e organismos diversos (sindicatos, organismos oficiais estatais e europeos, asociación de directores, consellos escolares, asociación pedagóxicas, etc) que veñen facendo fincapé na preocupación pola situación do ensino (falta de profesorado, ratio excesiva de alumnado por aula, cantidades insuficientes



nas partidas de gastos de funcionamento dos centros escolares, supresión da gratuidade de libros de texto, redución das becas, falta de prazas de comedores, etc) que se veu prexudicada seriamente pola Covid-19

TEXTO

Diante da situación que presenta o ensino, o Consello Escolar Municipal de Vigo considera que a Administración Estatal e Administración Autonómica deben tomar as medidas orzamentarias necesarias para revertir esta situación, debéndose conseguir a curto prazo que o orzamento en educación chegue ao tanto por cento medio do PIB dos países da Unión Europea e que a medio prazo nos achegemos as cantidades dos países que mais invisten no marco da Unión Europea en educación. En 2019 foron: Suecia cun 6,9% do PIB, por diante de Dinamarca (6,3%), Bélxica (6,2%) e Estonia (6,0%).

Xoán Xosé Santos di que concorda coa moción pero quere puntualizar que a caída do investimento en educación non foi pola crise senón polas decisións que se tomaron pola política económica da crise, podíanse ter recortado noutros sectores pero recórtase na educación. Pensa que debería incrementarse máis porque se leva un déficit acumulado de anos, tanto no Estado como en Galicia.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a necesidade de aumentar a inversión en educación.

4.5.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o deterioro do IES Castelao.

ANTECEDENTES:

O Instituto de Ensino Secundario Castelao, situado no barrio do Calvario, é un centro que recentemente cumpriu cincuenta anos e no que se imparten ESO e dúas modalidades de Bacharelato na quenda ordinaria ou de diúrno e os niveis III e IV da E.S. de Adultos e dúas modalidades de Bacharelato na quenda de adultos ou nocturno, de xeito que permanece aberto en horario de mañá e de tarde-noite.

O centro está moi implicado nas actividades que se celebran no barrio, especialmente nas culturais e deportivas, celebrándose nas instalación do propio instituto moitas actividades abertas á cidadanía.

Pois ben, dende hai uns catro ou cinco anos este centro sofre una serie de deficiencias que o paso do tempo non fai máis que acentúalas. A saber:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 15 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.-O Pavillón deportivo ten a pista nunha situación moi deficiente, o que dificulta e complica a realización de actividades deportivas tanto para o alumnado do propio centro como para os e as deportistas de máis de 16 equipas que adestran polas tardes e que xogan as fins de semana en distintas competicións.

2.-O valado exterior do centro presenta un estado lamentable, como se pode apreciar nas fotografías que se xuntan.


3.-Na contorna axardinada do centro a iluminación é moi deficiente e manifestamente mellorable.

4.-O perímetro exterior do centro está ocupado con carácter case permanente por coches aparcados. En moitos casos de forma anárquica debido á mala sinalización. Isto, con excesiva frecuencia, complica e obstaculiza a entrada e saída do propio centro, tanto peatonalmente como en coche.

TEXTO:

Diante da situación descrita o Consello Escolar Municipal de Vigo solicita tanto da administración educativa da Xunta de Galicia como da municipal do Concello de Vigo, que se afronten as obras seguintes:

- a.-Arranxar as pistas polideportivas do Pavillón.
- b.-Arranxar o valado exterior do centro
- c.-Mellorar a iluminación no perímetro externo do instituto, e sinalar debidamente o estacionamento en dito perímetro



Antonio Vázquez explica que a moción se consensou co Director do centro e este trasladoulles que desde o centro xa fixeron estas peticións xunto con outras á Consellería de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 16 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Educación fai dous anos. Explica que naquel momento lle deron unha cantidade que só chegaba para afrontar unha parte das peticións, e que preferiron investilo en cuestións máis didáctico-pedagóxicas co que todos os arranxos que agora piden quedaron fóra e agora están fartos de facer peticións sen que os escoiten

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o deterioro do IES Castelao.

4.6.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de cubrir a praza de Traballador/a Social no CEE Saladino Cortizo.

ANTECEDENTES:

O **CEE Saladino Cortizo** foi informado hai varios meses, dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (CCEU), da intención desta última de eliminar a praza da Traballadora Social que viña desenvolvendo as súas funcións neste colexio público.

Tras un verán de conversas coa Xefatura Territorial de Pontevedra da CCEU, e logo de que a dirección deste Centro de Educación Especial lle trasladase polo miúdo o traballo levado a cabo polas diversas persoas que ocuparon o devandito posto, a **ANPA do Saladino Cortizo** segue sen comprender os motivos polos cales denegan a continuidade dunha figura fundamental nun centro destas características.

A realidade desta comunidade educativa, e en especial das familias que conforman a ANPA, é moito mais complexa ca da calquera outra. Non só porque as necesidades das fillas e dos fillos son mais complicadas e precisan de moito mais asesoramento. As necesidades especiais tradúcense en mais burocracia, máis normas e máis leis que, pretendendo axudar, afogan ás familias en certificados, inspeccións, valoracións e trámites.

A isto debemos engadir aspectos que fan moito mais complexa a súa situación:

- A dispersión destas familias. Hai alumnado de ata 16 concellos diferentes do sur de Pontevedra. Dende Cangas do Morrazo á Cañiza.
- Polo menos un 35% das familias son usuarias de servizos sociais en risco de exclusión social con novas xeracións de alumnado cuxos proxenitores xa asistiron a este centro ou a outros de educación especial.
- Todos elas pasan a cotío por asistentes sociais de diferentes concellos, persoal médico e de traballo social da Xunta de Galicia... posto que o conxunto de alumnas



e alumnos é DEPENDENTE.

É aquí onde a figura da Traballadora Social deste centro é decisiva xa que foi, dende sempre, o cemento das familias e un apoio sen o cal a metade do traballo que se realiza ficaría sen efecto. Hai moitísima labor específica relacionada co ensino e máis a formación destas crianzas que se fai dende o Saladino. Esa labor coordinada da Traballadora Social do centro con aquelas e aqueles dos distintos concellos é crucial para atallaren problemas familiares básicos.

O Saladino non pode quedar sen a figura de Traballador/a Social.

TEXTO:

Polo tanto dende **FOANPAS** instamos á CCEU a que cubra de inmediato a praza de Traballador/a Social no CEE Saladino Cortizo e a que non amortice no futuro esta praza.

Pedro Xosé Castañón comenta que recentemente se fixo unha pregunta ao respecto no Parlamento de Galicia e a resposta que dá a Directora Xeral e Relacións Institucionais e Parlamentarias é que o Centro Saladino Cortizo ten a súa orixe nun Centro de Educación Especial que era titularidade a Caixa de Aforros de Vigo, que no ano 1994 se transferiu á Consellería e se subrogou a todo o persoal, entre eles á traballadora social. Din que agora esta persoa xubilase e que a partir dese intre queda amortizada a praza e que a contratación deste tipo de persoal e unha competencia que recae nos Concellos. Sen menoscabo de que todo isto que afirman sexa certo, o que obvia a Xunta é unha circunstancia clara, que non é un centro de ensino ao uso, é un Centro de Educación Especial e entre as características do seu alumnado está que ten unha dispersión xeográfica enorme, ten alumnado de 16 concellos do sur da provincia, e un terzo das familias está en risco de exclusión social e todo o alumnado é dependente. Tendo en conta estas circunstancias, é entendible que tódalas familias son usuarias habituais de servizos sociais, xa que teñen que facer moitos trámites para os que necesitan asesoramento. A traballadora social facía de nexo entre a administración e estas familias, facilitaba traballo contactando cos traballadores sociais dos respectivos concellos, en definitiva facialles a vida máis fácil a estas familias que o necesitan moito. Non entenden entón por que se denega esta praza. Di que nesa mesma mañá, estiveron cun representante da ANPA do centro e que proseguen coa recollida de sinaturas e que están contactando cos diferentes Concellos afectados, que en xeral a recepción dos Concellos foi boa, coa excepción do Concello de Mos, onde pasaron bastante deles.

Gorka Gómez di que cando se enterou que a resposta da Consellería era que é un tema competencia do Concello non deu crédito, non entende como se lle ocorre dicir que o persoal docente é unha cuestión municipal. Non entende como se lle pode ocorrer que eles teñan que asumir a contratación de persoal dun centro, persoal que por outra banda e tal e como comentou o representante de Foanpas está máis que claro que é imprescindible. Di



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 18 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que eles recibiron aos representantes da ANPA deste centro e evidentemente mostraron o total apoio e comprometéronse a levar unha moción ao respecto ao Pleno Municipal instando á Xunta a cubrir esa praza. Di que todos os que algunha vez traballaron con alumnado con diversidade funcional, saben o necesario que é esta figura non só para os nenos senón para as familias, ás que hai que tratar de facilitarlle a vida. Ademais o sorprendente é que é un gasto moi pequeno, e o servizo que se dá é inmenso, trátase dunha cuestión de vontade.

Antonio Estévez di que está claro que nese centro a traballadora social facía un labor moi importante, pero a realidade é que quen ten competencia en servizos sociais, quen ten aos traballadores de servizos sociais, son os Concellos e a Consellería de Educación non ten ningún posto na RPT de traballador social e función pública non permite habilitar posto de traballador social á Consellería de Educación, polo tanto non é unha cuestión de falta de sensibilidade. Tampouco ve que haxa ningún problema con que unha traballadora social dun Concello se coordine integramente no centro facendo un labor semellante á que estaba. Lembra que aínda que estaba nun centro, o traballador social non é persoal docente. Gorka Gómez responde que aínda que non sexa docente é persoal de importancia relevante para un centro de diversidade funcional coma este. Outra cousa é que non haxa vontade política para cubrir esta praza. O que non pode ser é que a administración competente en materias de Política Social e Educación que é a Xunta de Galicia, non asuma unha figura que non sendo docente é fundamental nese tipo de centros. O que ten que facer a Xunta, se non quere atender aos centros, e trasladar as competencias educativas aos Concellos, cos recursos oportunos. E ademais este, é o único centro de Educación Especial que non ten traballador social. Antonio Estévez di que non hai ningún centro que teña traballadora social, salvo casos que estaban pendentes de amortizar. Di que normalmente o centros se coordinan cos Concellos, cos traballadores sociais municipais e todo funciona correctamente. Di que lle sorprende que o Presidente deste órgano que leva criticando todo o tempo á Consellería de Educación porque, segundo el, non asume as súas competencias, que agora que están falando dalgo que si é competencia exclusiva municipal, que non a queiran asumir. Antonio Vázquez pregúntalle ao representante da administración educativa que cando a Consellería de Educación se fixo cargo dese centro, como foi que se fixo cargo desa praza? Ilegalmente? Quen lle pagaba? Ademais lembra que hai unha Consellería de Servizos Sociais para nomear a unha persoa no centro, porque a Consellería de Educación non negocia coa Consellería de Servizos Sociais? Porque iso xa se fixo na época do bipartito, se negociaba entre Consellerías de dous partidos distintos e se cubrían esas prazas, e si houbo durante moito tempo prazas deste tipo en Centros de Educación Especial. Antonio Estévez responde que unha cousa é que nun momento determinado se asumira unha traballadora e outra diferente é que se cree o posto de traballo, e insiste en que en tódolos Concellos hai coordinación entre a traballadora social municipal e este tipo de centros, e pode seguirse facendo o traballo perfectamente, non hai impedimento para que unha traballadora social municipal lle dedique un pouco de tempo aos labores que facía esa



traballadora do centro. Gorka Gómez di que tampouco hai impedimento para que a Xunta de Galicia meta na súa lista de postos de traballo ese posto, só é cuestión de compromiso e sensibilidade. Se houbera vontade por parte da Consellería de Educación, faría os convenios precisos para cubrir o posto. Pedro Xosé Castañón dirixese a Antonio Estévez para comentarlle en primeiro lugar que lle parece curioso que diga que foi unha circunstancia provisional manter a esta traballadora, cando estivo traballando no centro 27 anos. Di que aínda que asumiran a proposta que el fai como representante da Administración educativa, non houbera sido mellor anticiparse e falar cos Concellos afectados e trasladarlle a intención da administración de suprimir o posto? Di que o que está facendo a xunta é claramente un recorte máis en educación e na atención ao alumnado NEAE en especial, ao que non se lle están cubrindo como norma xeral as súas necesidades. Antonio Estévez di que as traballadoras sociais municipais deses Concellos poden asumir perfectamente o traballo que facía esta persoa, e deben facelo xa que é competencia dos Concellos. Insiste en que é unha cuestión de competencias. Gorka Gómez comenta que se se entra na dinámica das competencias, está claro que encargarse da educación de 0-3 anos, facer obras nos centros máis alá do mantemento,... non son competencia municipal pero asúmense porque hai vontade, e aínda que sexa complexo administrativamente, fano posible, igual que eles agora poderían facer posible que se creara este posto. Bertila Fernández di que máis alá das competencias aquí hai falar de vontade, como xa se dixo. Di que están a falar de nenas e nenos vulnerables, con necesidades en tódolos sentidos, de familias cun grave problema de conciliación, en situación de exclusión social. A intención da Comisión Pedagóxica é precisamente traballar na liña do consenso, da convivencia, do diálogo coa administración, cousa que é complexo neste momento, xa que non hai receptividade, falta unha apertura de portas para sentarse nunha mesa a dialogar. Hai centros cos servizos de orientación colapsados esperando unha resposta por escrito, coma o Castelao de Vigo cunha porcentaxe elevadísima de alumnado NEAE que non se pode atender. Se se quere ter un sistema educativo moderno, flexible e adaptado aos tempos, hai que buscar solucións entre todos. O contrario é emitir choiva ácida contra estes nenos e as súas familias e contra os seus docentes, e esta choiva ácida, senón se detén, é un maltrato institucional que vulneraría os dereitos de tódolos nenos e nenas. Di que levan anos acompañando a familias e mendigando o que son os seus dereitos. Antonio Vázquez concorda co dito por Bertila e di que lle parece increíble que un posto que está nunha RPT se dea de baixa no momento que se xubila un traballador. Comenta que lle parece sorprendente que aquí o equipo da Consellería en pleno saíra dicindo que coa LOMLOE o que se quería era acabar cos centros de Educación Especial, e a realidade é que como se acaba coa Educación Especial é con medidas coma esta. Di que non é o mesmo ter a unha profesional como estaba toda a súa xornada dedicada a estas familias e alumnado, ca que o Concello envíe a unha traballadora social unhas horas a facer traballos puntuais, por moito que el o diga non é o mesmo. E xa para rematar lamenta que se ese centro en vez de en Vigo estivera en Mos, tiña traballadora social seguro. Gorka Gómez di que está de acordo co dito, que está claro que se o centro fora nun Concello gobernado polo PP a cousa sería



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 20 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

distinta, lamentablemente é unha cuestión política mais que educativa. Remata o debate recalcando que desde o Concello lle dan o apoio total ao Centro Educativo.

Acordo

Apróbase a moción sobre a necesidade de cubrir a praza de Traballador/a Social no CEE Saladino Cortizo con 11 votos a favor, 1 voto en contra e 1 abstención.

4.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios, representante do alumnado, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

ANTECEDENTES:

Dende o inicio de curso, a liña de autobús de Vitrasa que recorre os institutos da zona do Meixoeiro e que é clave para o desprazamento de alumnado de bacharelato aos IES, ten un grave problema de aforo. Pola contorna pasan escasas liñas de autobús e, na gran maioría, nas horas mais demandadas van sempre moi concorridas. Isto é porque neses autobuses non só vai alumnado dos institutos dos arredores senón que tamén vai alumnado da universidade, a pesar de ter estes unha liña exclusiva para eles. Isto fai que o alumnado dos centros educativos da zona teña que chegar tarde, ocasionando así serios problemas para estes rapaces e rapazas que non só chegan tarde cada día, senón que tamén ten que saír antes das clases para poder coller o autobús, perdendo de esta maneira unha chea de horas de clase ao longo do curso.

TEXTO:

Por todo isto, instamos ao Concello de Vigo a buscar unha solución xunto coa empresa responsable dos autobuses, Vitrasa, que nos permita ter un amplo servizo de autobuses para a contorna do Meixoeiro e así solucionar o grave problema que a escaseza destes esta a xerar nos centros da zona.

Xoan Xosé Santos comenta que no seu centro, o IES A Guía o autobús urbano chega máis ou menos ás 9:10 o que é un problema que lle afecta ao alumnado de bacharelato e ao de ciclos, que non teñen transporte e tamén para o profesorado usuario do vitrasa. Pensa que non sería moi complicado facer que chegase uns minutos antes para que puideran usar o servizo sen problema. Antonio Vázquez comenta que hai un problema similar en Chapela, cree que no horario de adultos. Gorka Gómez di que lle trasladará esta problemática ao Concelleiro que leva transportes.

Joel Covelo intervén para dicir que este problema é puntual e solucionable, pero que é un exemplo máis da urxencia que hai por facer unha nova zonificación na cidade. O que non pode é ter que ir un alumno de Coia a estudar ao Meixoeiro e estar 30 minutos metido nun autobús.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 21 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

5.- Preguntas e suxestións.

Pedro Vázquez comeza lembrando que se pasaron unhas enquisas de satisfacción sobre o Consello Escolar Municipal e que se tivo un retorno do 25% dos representantes, así que aproveita para lembrarlles que é importante que as envíen cubertas para poder facer o estudio avaliativo da marcha do CEMV.

Antonio Vázquez explica que na Comisión Permanente da semana anterior se decidiu por unanimidade dúas cousas. Por un lado mostrar a indignación e o rexeitamento total co sucedido no IES Politécnico, que apareceu con pintadas machistas, de esvásticas,... fai uns días e por outro lado mostrar a solidariedade coa comunidade educativa deste centro.

Bertila Fernández fai unha petición ao representante da Administración Educativa para que pregunte á Xefatura Territorial acerca da ausencia total de resposta ás nais e pais do Castelao acerca da petición que se fixo da necesidade de reforzo de PT, AL e persoal de apoio. Están agardando unha resposta por escrito que non dá chegado.

Yolanda González pregunta ao representante da Comunidade Educativa acerca do protocolo Covid vixente nos centros educativos, quere saber se é o mesmo que había en maio, e se só se modificou a distancia que debe haber entre alumnos na aula. Antonio Estévez explica que se actualizou en setembro e que está subido na páxina web. Ela explica que no centro ao que van os seus fillos o alumnado non poden xuntarse con nenos doutras seccións, que están no patio con máscaras e separados por seccións, e logo cando cruzan o portal vanse xuntos a unha cafetería e están sen máscara e todos mesturados, ou poden coincidir e facer actividades como fútbol, ou baloncesto, nun sitio cerrado e sen máscaras. Di que preguntou no Centro e dinlle que eles están a seguir o protocolo vixente, e ela pensa que a estas alturas, este protocolo é un sinsentido, cando difire tanto do que si se pode facer fóra dos centros educativos. Pregunta se non poderían sentarse Sanidade e Educación e revisar o protocolo, que chegado este punto da pandemia sería razoable. Di que os rapaces foron un exemplo durante a pandemia e que fixeron un gran esforzo e que parece que se están castigando. Pedro Xosé Castañón comenta que para el non ten sentido que dous rapaces de diferentes seccións teñan que estar ao aire libre no patio con tapabocas e logo poidan cruzar o valado do Centro e poidan estar xuntos, tomando algo nunha cafetería, sen a máscara. O Conselleiro dixo que ían permitir certa flexibilidade pero todo segue igual. As direccións está claro que están moi atadas pola normativa, e non poden facer nada, pero habería que flexibilizar os protocolos. Antonio Estévez comenta que este protocolo é de obrigado cumprimento é que se están reunindo as autoridades sanitarias e as educativas e



están adaptando os protocolos periodicamente, e os protocolos está demostrado que funcionaron, os contaxios sempre chegaron aos centros desde fóra. Yolanda González di que casualmente só se revisou a medida da distancia entre pupitres, porque á Administración lle interesaba para meter máis alumnos por aula e aforrar na contratación de docentes. Pero cando se refire ao espazo de lecer dos nenos, o patio, non poden adaptarse á nova realidade e facer que o alumnado teña un respiro neste pesadelo, que se faga unha flexibilidade controlada. Egoitz Rivas, sobre este mesmo tema, e desde o punto de vista do alumnado, di que non vai poñerse a criticar se o protocolo tan estrito é necesario, porque el non é sanitario, pero que á vez piden algo de coherencia, porque o que non ven comprensible é que dentro do centro se cumpran unha medidas súper estritas e que estas desaparezan nada máis cruzar a porta do centro. As medidas son moi laxas fóra e moi duras dentro, é non ten ningún sentido. Antonio Estévez di que entende perfectamente o que din, que el o ve perfectamente, pero as decisións que toma a Consellería de Sanidade son en beneficio de todos e eles aí non poden meterse. Gorka Gómez comenta que para a Consellería non é fácil establecer criterios e medidas no ámbito educativo, xa que son complexas porque é un escenario moi sensible. Concorde co que dixo antes Yolanda, que as últimas actualizacións do protocolo só fixeron cambios nas distancias e isto foi para eliminar desdobres e aforrar diñeiro, pero tamén entende que a xestión a nivel sanitario non é fácil, e aínda que as medidas parezan absurdas, están avaladas por criterios sanitarios e hai que respectalos, xa que os protocolos son efectivos. E aproveita para dicir que felicita tanto ás Comunidades Autónomas como ao Goberno Central pola xestión sanitaria da pandemia, non hai nada que reprocharlles, porque é moi difícil tomar decisións nesta situación, e aínda que poidan equivocarse, os esforzos que están a facer son inxentes e a intención sempre é a mellor. Di que ogallá quede moi pouco tempo e que pronto as autoridades sanitarias poidan flexibilizar o protocolo, e que o alumnado poida saír deste pesadelo. Yolanda insiste en que o que se pide é un pouco de flexibilidade, se por exemplo no protocolo se dixerá que o alumnado podía xuntarse con alumnos doutras seccións no patio, aínda que seguiran mantendo as máscaras, só con poder xuntarse con outros alumnos da súa idade xa sería un darlle un pouco de aire. Joel Covelo comenta que o alumnado non ten nada que reprocharlle á Xunta na xestión da pandemia pero si que falta coherencia entre os protocolos de dentro e de fóra dos Centros. Di que aínda así, eles están a cumprir as normas que se lle imponen, sen facer saídas ou excursións, aceptando que lles tocou vivir a mocidade así, illándose dos seus compañeiros. Pensa que todos os sacrificios que levan feito debería ter xa algunha recompensa. Gorka Gómez, comenta que o comportamento dos adolescentes está a ser exemplar, e que cando saen a criticar aos mozos e mozas nos medios de comunicación por que se saltan as normas, el non o entende, porque bastante ben o están facendo. Antonio Estévez di que o que ten que quedar claro non é que non se revise, senón que non se introducen cambios porque se considera que non se debe facer, o que non quita que se estean facendo revisións periódicas do protocolo. Di que ao mellor se está sendo moi conservador, porque o ámbito así o require; hai que protexer aos menores. Gorka Gómez remata o debate dicindo que está seguro de que as autoridades sanitarias flexibilizarán as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 23 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

medidas en canto sexa posibles, e mentres tanto hai que ser prudente. Aproveita para dicir que como cidadáns o que debemos facer agora e vacinarnos, xa que os resultados están aí, canto máis vacinada está a poboación, menos presión hospitalaria e menos contaxios.

Yolanda González preguntalle ao representante da Administración Educativa polos exames de setembro que se pasaron a xuño. Antonio Estévez dille que esa cuestión acaba de mudar. Que o Ministerio de Educación acaba de sacar un Real Decreto polo que elimina as probas extraordinarias, e que esta norma debería desenvolverse en Galicia cun Decreto pero que non vai haber tempo físico para facelo. A LOMLOE estableceu un calendario de implantación, e neste curso aínda seguen vixentes os currículos LOMCE pero aplicaranse os criterios de avaliación LOMLOE, por iso agora tiveron que sacar un Real Decreto a marchas forzadas para contemplar isto. Cando se fixo o calendario escolar houbo que ter en conta a decisión de trasladar as probas extraordinarias para xuño, e agora vén este Real Decreto e elimina as probas extraordinarias, só vai a haber convocatoria ordinaria, o que terá que supoñer que a Consellería saque unha Orde para modificar o calendario escolar que se publicou. A idea era facer a avaliación ordinaria a principio de xuño e entorno ao 21 a extraordinaria. O que se fará agora é esa ordinaria convertela en 3ª avaliación e desde esa ata a final ordinaria, a finais de xuño, faranse labores de recuperación, de reforzo,... Yolanda González pregunta que é entón o que van a facer co alumnado que aprrobe as tres avaliacións e non teña que ir á avaliación ordinaria, porque se un profesor ten que estar axudando a parte do alumnado a sacar unha materia, quen atende ao resto? Antonio Estévez comenta que efectivamente todo o que o papel soporta logo na realidade é complexo. Facer actividades de recuperación, de reforzo e de enriquecemento de currículo na mesma aula a diferentes alumnos vai ser moi difícil, pero ao menos este ano ten que ser así. Antonio Vázquez precisa que o Ministerio sacou o primeiro borrador do Real Decreto no cal se mantiña con carácter provisional este curso a convocatoria extraordinaria. Ese borrador antes de ser Real Decreto pasou polo Consello de Estado e foi o Consello de Estado o que invalidou a posibilidade de manter esa situación extraordinaria e por iso o Ministerio tivo que facer un cambio e sacou un Real Decreto no que non hai convocatoria extraordinaria. Non foi unha decisión aleatoria, foi decisións dun dos poderes xudiciais do Estado. Joel Covelo comenta que non entende que pasa co alumnado que non aproba a avaliación final de xuño, déixase sen oportunidade de recuperar? Pásase para o seguinte curso con materia suspensa? E por outra banda, desde que remata a 3ª avaliación ata a final, o alumnado que non ten que ir a esa avaliación final que fai? Porque o profesorado é normal que centre os seus esforzos no alumnado que ter que ir ao final. Antonio Estévez di que está de acordo con el pero aconséllalle agardar a que se publique a Orde de avaliación que ten que sacar a Consellería de Educación. Antonio Vázquez comenta que o que vai pasar é que a principios do mes de xuño é que todo o alumnado vai estar avaliado o curso completo, a maioría pasará de curso é algún terá que repetir. O que haberá é reforzo educativo e cada departamento fará á súa maneira e recoméndalle que falen cos seus equipos directivos para que lles expliquen a situación, porque ve que hai moita desinformación en xeral, e eles son



os que lle teñen que aclarar estas dúbidas en cada caso. Di que, en todo caso, el cre que se debería cambiar o calendario escolar, porque aínda se está a tempo e sería mellor para todos.

Leonor Gala, pídelle ao representante da administración educativa dúas cousas, que sexan moi claros na Orde e que lles dean recursos para facer con este alumnado da ESO, xa que é unha situación moi nova e están un pouco perdidos. Di que nun centro como o dela hai moitas casuísticas: Bacharelato, FP, ESO, e por exemplo en FP e 1º de Bacharelato si hai convocatoria extraordinaria, logo os de 2º de Bacharelato que levan un ritmo marcado pola ABAU, logo o alumnado da ESO que hai que buscar recursos para que fagan algo durante as dúas semanas,... Son moitos escenarios paralelos polo que di que están agardando esa Orde como auga de maio, así que esperan que sexa sinxela e aclaratoria. Antonio Estévez pensa que si se simplifica, o alumnado da ESO practicamente pásase á avaliación continua, o profesorado cando chega a terceira avaliación xa sabe como vai o alumnado. Ademais di que con este debate estanse a adiantar ao que vai ser a realidade, porque por agora o único que se ten é o Real Decreto que aínda non se desenvolveu. Cando isto se faga daranse unhas instrucións concretas e outras cousas terán que decidilas os equipos docentes dos Centros, aos que tampouco se lles vai dicir exactamente que teñen que facer nesas semanas porque sería quitarlle competencias aos equipos docentes. Antonio Vázquez di que teñen que darse instrucións concretas, porque se iniciou o curso cunha convocatoria extraordinaria e esta desapareceu, hai que dar ordes concretas xa que hai unhas programacións nos departamentos que xa non se poden seguir e nesa Orde hai que dicirle ao profesorado que se vai a facer desde o momento que remate a 3ª avaliación ata o remate do curso. Pensa que a Consellería ten dúas opcións, ese período pode suprimilo facendo un novo calendario escolar e senón teñen que dar instrucións claras porque o que se vai converter o mes de xuño é nun cachondeo no que cada un fará o que boamente poida e algún mandará ao alumnado a xogar ao patio.

O Presidente agradece o debate e dá as grazas á Antonio Estévez por ter respondido ás múltiples preguntas que lle fixeron no apartado de rogos e preguntas. Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 20:50h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:17	Páxina 25 de 25
Expediente/Documento 24898-332	CSV: AEA7A1-53E432-B6483H-33D3GW-5GZHLV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		